



## Fondo solidario de libros de texto 2018/19

### Beneficiarios

- Alumnado matriculado no curso escolar 2018-19 en 3º, 4º, 5º, 6º E.P. e 1º, 2º, 3º, 4º E.S.O. e Educación Especial en centros galegos sustentados con fondos públicos.  
Os libros de texto utilizados no curso 2017-18 nos niveis incluídos nesta Orde manteranse no curso 2018-19.

### Presentación de solicitudes

- **Prazo: do 22 de maio ao 22 de xuño de 2018.**  
Esta solicitude implica a aceptación das bases da convocatoria e o compromiso de devolver os libros en bo estado nas datas sinaladas.

### Documentos acreditativos

- Orixinal e fotocopia do Libro de Familia no que figuren todos os membros da unidade familiar. No caso de non ter este libro:
  - Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.
  - Certificado ou volante de convivencia.
  - Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello de residencia que acredite a situación familiar.
- En caso de situación de violencia de xénero no contorno familiar, documentación acreditativa.
- Incapacitación xudicial con patria potestade prorrogada ou rehabilitada. Acreditarase coa resolución xudicial.
- Tutela ou garda da Xunta de Galicia. Acreditarase a resolución xustificativa do acollemento familiar ou o certificado do centro de menores.

### Publicación das relacións provisional e definitiva de admitidos e excluídos

- |                                         |                                  |
|-----------------------------------------|----------------------------------|
| ▪ Relación provisional                  | <b>12 de xullo de 2018</b>       |
| ▪ Reclamacións ás listaxes provisionais | <b>Ata o 18 de xullo de 2018</b> |
| ▪ Relación definitiva:                  |                                  |
| - 3º a 6º E.P.                          | <b>20 de xullo de 2018</b>       |
| - 1º a 4º E.S.O.                        | <b>14 de setembro de 2018</b>    |

### Devolución

- O alumnado estará obrigado a devolver os libros ao fondo solidario do colexio **en bo estado e como máximo o 18 de xuño de 2018. O alumnado de E.S.O. con materias pendentes para setembro poderá devolvelos antes do día 6 de setembro.**
- A non devolución dos libros será causa de exclusión da participación no fondo solidario.